

# 2017

## PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO



Equipo de Dinamización  
da Lingua Galega

CEIP Lamas de Abade  
[Curso 2017/18]

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. MARCO LEGAL	2
3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	3
4. RESULTADOS OBTIDOS DAS ENQUISAS	4
4.1. RESULTADOS OBTIDOS DAS ENQUISAS DO PROFESORADO	4
4.2. RESULTADOS OBTIDOS DAS ENQUISAS DAS FAMILIAS	6
4.3. RESULTADOS OBTIDOS DAS ENQUISAS DO ALUMNADO	11
5. OBXECTIVOS XERAIS	16
6. MEDIDAS A ADOPTAR	17
7. OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	17
8. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	18
9. ACTIVIDADES	19
10. RECURSOS	21
10.1. RECURSOS HUMANOS	21
10.2. RECURSOS MATERIAIS	21
11. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS	21
11.1. EDUCACIÓN INFANTIL	22
11.2. EDUCACIÓN PRIMARIA	23
12. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS	24
13. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	25
14. AVALIACIÓN	26
15. ANEXOS	26

## 1. INTRODUCCIÓN

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia comeza dicindo que "as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade".

Pola súa banda, o artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua "é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección".

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004.

No CEIP Lamas de Abade estamos a traballar no Proxecto Lingüístico desde o Equipo de Dinamización Lingüística durante o curso 2016/17 en base ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, requirindo dun importante traballo ao longo do curso escolar de elaboración de enquisas axeitadas para o profesorado, familias e alumnado; recompilación de datos; e estudo dos datos recadados para a elaboración das directrices axeitadas para o bo desenvolvemento deste proxecto.

## 2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais as seguintes normas que enumeramos a continuación:

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

- Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992.
- Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### 3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O CEIP Lamas de Abade está situado na Zona Sueste de Santiago dentro do casco urbano, un lugar despexado e afastado de focos, de ruído e de contaminación.

O edificio consta de tres plantas: na planta baixa están as dependencias administrativas, o comedor, a cociña, a sala de usos múltiples, a sala de profesores, a biblioteca, as aulas de infantil e dúas de primaria; na planta primeira atópanse varias aulas de primaria, aula de música, aula de relixión, e aula de AL; na segunda planta están as demais aulas de primaria, aulas de PT e AL, aula de informática, aula de plástica, e titorías.

Conta con patios de recreo moi amplos, ben coidados e acondicionados e un patio cuberto amplo. No patio hai tres pistas deportivas e unha zona de area. Contamos ademais cun polideportivo que se usa en Educación Física.

A maioría do alumnado actual procede de zona urbana, seguido de rural e semi-urbana case na mesma porcentaxe. O nivel socio-cultural das familias é medio-alto. O nivel de colaboración familiar é bastante satisfactorio na gran maioría dos casos. A asistencia a actividades extraescolares é alta. Os usuarios do comedor escolar son máis nos niveis máis baixos. Utilizan o transporte escolar aproximadamente un 65%.

O alumnado deste centro presenta unha grande variedade no nivel sociocultural motivado pola súa procedencia urbana, suburbial e rural. Esta variedade aporta riqueza dende o punto de vista educativo e dificultades para a programación, posto que a realidade e situacións das que procede o alumnado fan variar os seus intereses e polo tanto as motivacións han de ser distintas. Os hábitos de hixiene e alimentación están ben coidados por parte das familias.

En canto ao nivel sociolingüístico do alumnado e do profesorado do centro, podemos sinalar as seguintes particularidades:

- O alumnado tipo do noso centro procedería dunha familia que na casa emprega o galego como lingua habitual. Os seus pais falan tamén galego entre eles e se dirixen ao seu fillo/a tamén habitualmente en galego.
- Pola contra o alumno exprésase máis ben en castelán tanto na casa como nas relacións cos seus amigos/as. Se afondamos un pouco por niveis podemos apreciar diferencias substanciais.

- Así, o perfil do alumnado tipo de Educación Infantil procedería dunha familia castelán falante, na que os pais tamén falan maioritariamente castelán e que se dirixen igualmente aos fillos en castelán. O alumno, en consecuencia, tamén é maioritariamente castelán falante.
- O ambiente en primaria é moi diferente do de Infantil cunha porcentaxe de galego falantes máis significativa.

O claustro de profesores está composto por 36 mestras e mestres. A distribución por especialidades é a seguinte:

INFANTIL	PRIMARIA	E.F.	FRANCÉS	INGLÉS	MÚSICA	A.L.	P.T.	RELIXIÓN	D.O.
8	15	2	1	3	1	2	2	1	1
TOTAL.- 36 mestres/as									


Os principios básicos que fundamentan o proxecto educativo do noso centro educativo buscan que a escola sexa:

- Participativa
- Práctica
- Respectuosa
- Integral
- Tolerante e solidaria
- Vanguardista e renovadora
- Para a liberdade


## 4. RESULTADOS OBTIDOS DAS ENQUISAS

### 4.1. RESULTADOS OBTIDOS DAS ENQUISAS PARA O PROFESORADO


PREGUNTA 3  
QUE LINGUA EMPREGAS HABITUALMENTE?




**PREGUNTA 4**  
**QUE LINGUA EMPREGAS HABITUALMENTE NO CENTRO EDUCATIVO?**



**PREGUNTA 5**  
**COMO CONSIDERAS A TÚA CAPACIDADE PARA EMPREGAR O GALEGO NA ACTIVIDADE DOCENTE?**




**PREGUNTA 6**  
**CAL É A TÚA DISPOSICIÓN A FACER CURSOS DE RECICLAXE E ACTUALIZACIÓN, CO OBXECTIVO DE ACADAR UNHA CAPACITACIÓN AXEITADA?**



**PREGUNTA 7**

VALORA OS SEGUINTE ENUNCIADOS XENÉRICOS RODEANDO CUN CÍRCULO ELIXIDO, TENDO EN CONTA A SEGUINTE ESCALA.




**4.2. RESULTADOS OBTIDOS DAS ENQUISAS PARA AS FAMILIAS**

**PREGUNTA 5**


EN QUE LINGUA APRENDEU A FALAR O/A VOSO/A FILLO/A?

EN GALEGO	41
EN CASTELÁN	48
NAS DÚAS	38
NOUTRAS	2




**PREGUNTA 6**  
**QUE LINGUA SE FALA HABITUALMENTE NA VOSA CASA?**

SÓ GALEGO	32
PREDOMINA O GALEGO	24
GALEGO E CASTELÁN POR IGUAL	20
PREDOMINA O CASTELÁN	34
SÓ CASTELÁN	16
OUTRAS	2



**PREGUNTA 7**  
**QUE LINGUA USA O/A VOSO/A FILLO/A?**

SÓ GALEGO	6
PREDOMINA O GALEGO	34
GALEGO E CASTELÁN POR IGUAL	22
PREDOMINA O CASTELÁN	52
SÓ CASTELÁN	16
OUTRAS	1






## PREGUNTA 8

VALORA OS SEGUENTES ENUNCIADOS XENÉRICOS RODEANDO CUN CÍRCULO ELIXIDO, TENDO EN CONTA A SEGUINTE ESCALA.


## 8.1. O GALEGO É UNHA LINGUA AXEITADA PARA OS VIDEOXOGOS

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	2
BASTANTE EN DESACORDO	5
INDIFERENTE	47
BASTANTE DE ACORDO	17
COMPLETAMENTE DE ACORDO	56




## 8.2. AS MATEMÁTICAS PÓDENSE APRENDER EN GALEGO

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	5
BASTANTE EN DESACORDO	3
INDIFERENTE	29
BASTANTE DE ACORDO	22
COMPLETAMENTE DE ACORDO	69




## 8.3. A ADQUISICIÓN DE DÚAS (OU MÁIS LINGUAS) ENRIQUECE

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	1
BASTANTE EN DESACORDO	1
INDIFERENTE	1
BASTANTE DE ACORDO	7
COMPLETAMENTE DE ACORDO	119




## 8.4. GUSTARÍANOS QUE O NOSO FILLO/A RECIBISE MÁIS CLASES EN GALEGO

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	8
BASTANTE EN DESACORDO	12
INDIFERENTE	42
BASTANTE DE ACORDO	28
COMPLETAMENTE DE ACORDO	37




8.5. EN GALICIA DEBERÍA USARSE MÁIS O GALEGO

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	0
BASTANTE EN DESACORDO	5
INDIFERENTE	31
BASTANTE DE ACORDO	32
COMPLETAMENTE DE ACORDO	61




8.6. EN GALICIA O GALEGO É POUCO ÚTIL

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	84
BASTANTE EN DESACORDO	22
INDIFERENTE	16
BASTANTE DE ACORDO	4
COMPLETAMENTE DE ACORDO	3



### 8.7. A XENTE QUE FALA CASTELÁN É MAÍS INTELIXENTE

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	126
BASTANTE EN DESACORDO	2
INDIFERENTE	1
BASTANTE DE ACORDO	0
COMPLETAMENTE DE ACORDO	0




### 4.3. ENQUISA PARA O ALUMNADO

#### PREGUNTA 4


EN QUE LINGUA APRENDICHES A FALAR?

EN GALEGO	48
EN CASTELÁN	37
NAS DÚAS	46
NOUTRA(S)	4




PREGUNTA 5  
QUE LINGUA SE FALA HABITUALMENTE NA TÚA CASA:

SÓ GALEGO	31
PREDOMINA O GALEGO	32
GALEGO E CASTELÁN POR IGUAL	35
PREDOMINA O CASTELÁN	24
SÓ CASTELÁN	10
OUTRA(S)	3




PREGUNTA 6  
QUE LINGUA USAS HABITUALMENTE?

SÓ GALEGO	9
PREDOMINA O GALEGO	34
GALEGO E CASTELÁN POR IGUAL	33
PREDOMINA O CASTELÁN	37
SÓ CASTELÁN	20
OUTRA(S)	2



PREGUNTA 7  
QUE LINGUA USAS HABITUALMENTE NA ESCOLA?


SÓ GALEGO	7
PREDOMINA O GALEGO	17
GALEGO E CASTELÁN POR IGUAL	64
PREDOMINA O CASTELÁN	31
SÓ CASTELÁN	15
OUTRA(S)	1



PREGUNTA 8  
VALORADE OS SEGUINTE ENUNCIADOS XENÉRICOS RODEANDO CUN CÍRCULO A OPCIÓN ELIXIDA TENDO EN CONTA A SEGUINTE ESCALA


8.1. O GALEGO É UNHA LINGUA AXEITADA PARA OS VIDEOXOGOS.

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	20
BASTANTE EN DESACORDO	15
INDIFERENTE	38
BASTANTE DE ACORDO	27
COMPLETAMENTE DE ACORDO	32




### 8.2. AS MATEMÁTICAS PÓDENSE APRENDER EN GALEGO

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	7
BASTANTE EN DESACORDO	8
INDIFERENTE	26
BASTANTE DE ACORDO	30
COMPLETAMENTE DE ACORDO	64




### 8.3. A ADQUISICIÓN DE DÚAS (OU MÁIS) LINGUAS ENRIQUECE.

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	6
BASTANTE EN DESACORDO	3
INDIFERENTE	17
BASTANTE DE ACORDO	27
COMPLETAMENTE DE ACORDO	81




## 8.4. GUSTARÍAME RECIBIR MÁIS CLASES EN GALEGO

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	13
BASTANTE EN DESACORDO	9
INDIFERENTE	49
BASTANTE DE ACORDO	33
COMPLETAMENTE DE ACORDO	29



## 8.5. EN GALICIA DEBERÍA USARSE MÁIS O GALEGO


COMPLETAMENTE EN DESACORDO	2
BASTANTE EN DESACORDO	1
INDIFERENTE	17
BASTANTE DE ACORDO	33
COMPLETAMENTE DE ACORDO	78






## 8.6. EN GALICIA O GALEGO É POUCO ÚTIL

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	95
BASTANTE EN DESACORDO	18
INDIFERENTE	6
BASTANTE DE ACORDO	4
COMPLETAMENTE DE ACORDO	8



## 8.7. A XENTE QUE FALA MÁIS CASTELÁN É MÁIS INTELIXENTE

COMPLETAMENTE EN DESACORDO	116
BASTANTE EN DESACORDO	8
INDIFERENTE	11
BASTANTE DE ACORDO	0
COMPLETAMENTE DE ACORDO	1



## 5. OBXECTIVOS XERAIS

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se levan a cabo no centro educativo.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa comunidade.
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.

- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía...

## 6. MEDIDAS A ADOPTAR

Aínda que non detectamos ao longo dos últimos cursos problemas serios no alumnado para seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten independentemente da lingua que se utilice, no caso de detectar que algún alumno/a non teña o suficiente dominio nalgunha das linguas e isto lle impida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten, adoptaríamos as seguintes medidas:

- Reforzo educativo na lingua na que teña maiores dificultades partindo da lingua oral.
- Traballar o específico e diferente na fonética das dúas linguas.
- Axudarse de material audiovisual (películas, internet, xogos, etc.) que sirva de reforzo visual a adquisición de vocabulario.

## 7. OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Incidir mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
- Promover a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.

- Ampliar, dentro das nosas posibilidades, os espazos de uso do galego de xeito que estes se estendan aos ámbitos deportivos, lúdicos, audiovisuais e aos relacionados coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Lograr que o centro lle garanta unha boa competencia en lingua galega a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio no que se atopan o galego e o castelán.
- Garantir, dentro das posibilidades existentes, unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

## 8. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Analizando as características específicas do noso centro podemos chegar a ver cales son os puntos fortes e os puntos débiles que caracterizan a presenza do galego no noso centro.

Como puntos fortes podemos sinalar os seguintes:

- Un Concello, o de Santiago, que realiza unha aposta seria pola lingua galega, empregándoa en todas as súas manifestacións públicas, en todas as comunicacións cos centros, en toda a carteleira e que respecta a toponimia.
- Un contexto sociolingüístico favorable ao uso do galego e no que predomina o uso do galego.
- Un profesorado altamente capacitado para empregar o galego na actividade docente e cunha actitude moi favorable cara á utilización do mesmo no ámbito educativo e á normalización social do galego.
- Unha presenza plena da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc.
- Unha directiva da ANPA sensibilizada co uso do galego e disposta a colaborar en accións encamiñadas á sensibilización e promoción da nosa lingua.

Como puntos débiles podemos sinalar os seguintes:

- O emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares (xestionadas pola ANPA) é tamén moi escaso.
- A escasa visibilidade que o EDLG ten para o conxunto da comunidade educativa.

Como consecuencia desta análise propoñémonos actuar en base aos seguintes aspectos concretos. Unha primeira liña de actuación encamiñada a corrixir o desequilibrio existente no uso do galego por parte dos/as monitores/as encargados das actividades extraescolares e facer así que o galego estea presente na parte máis lúdica das actividades que o noso alumnado desenvolve ao longo da semana no centro escolar. Así mesmo tentamos romper unha tendencia que pode ser perigosa ao ser posible a identificación, por parte do alumnado, de seguir así as

cousas, da actividade meramente académica co galego e da actividade máis lúdica e deportiva co castelán cos prexuízos que isto pode chegar a crear. Outra liña de actuación, será a que acapare a maioría das actividades que propoñeremos no proxecto de fomento do uso do galego irá encamiñada ao alumnado. Tendo en conta que a oralidade é a característica xeral da etapa de Educación Infantil trátase de que o alumnado que ten como lingua A o galego consolide esta e amplíe os seus usos ás diferentes situacións que xorden na vida escolar. Actuar doutro xeito sería relegar a ese alumnado ao uso da súa lingua exclusivamente no ámbito familiar. Pola súa banda o alumnado que ten como lingua A o castelán non atopa problemas en tanto e canto que eles falan a lingua prestixiada socialmente e non hai perigo de que a abandonen. A preparación para a lectoescritura debe realizarse en galego. Buscar o método ou o material máis axeitado será tarefa do profesorado.

En educación primaria faise necesaria unha maior atención por parte de todos os axentes normalizadores e un maior esforzo na cantidade e na calidade das actividades. O EDLG, xunto co profesorado da etapa, deseñará actividades encamiñadas fundamentalmente a potenciar a oralidade. Os contos, as cancións, as dramatizacións e a utilización das novas tecnoloxías serán os alicerces sobre os que planificaremos as actividades normalizadoras. Nesta etapa é cando se adquiren e consolidan as capacidades básicas que configuran a competencia comunicativa: comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita. Ao finalizar a etapa o alumnado deberá posuír un bo dominio instrumental destas catro capacidades en ambas linguas. No contorno que nos movemos os obxectivos para esta etapa deberán ser:

- Conseguir que o alumnado manteña a competencia e o uso do galego.
- Conseguir que o alumnado consolide a competencia que xa ten en castelán, pola presenza desa lingua no seu contorno inmediato e que aparece asociado a funcións prestixiadas socialmente.

Para acadar estes dous obxectivos básicos é moi importante que nos primeiros anos da etapa se manteña no emprego da lingua galega nunha alta porcentaxe das actividades escolares. A lectoescritura debe facerse de xeito sistemático en galego. En canto ao castelán debe coidarse que, sobre todo na lectoescritura, se vaian transferindo, cun curto desfase temporal, as aprendizaxes que se fagan en galego.

Periodicamente hai que avaliar os progresos que o alumnado vai realizando nas competencias básicas a fin de corrixir, variando as porcentaxes, de utilización de cada unha das linguas, para así conseguir os obxectivos marcados.

A última liña de actuación irá encamiñada a fomentar a presenza do equipo dentro da comunidade educativa. Algunhas das actividades previstas no proxecto de fomento do uso do galego perseguen este obxectivo de xeito subliminar.

## 9. ACTIVIDADES

- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs...
- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.

- Informar ao profesorado en xeral sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas para estes.
- Visita a lugares de interese da comarca de Santiago de Compostela, programando algunha excursión anual.
- Promover pequenos roteiros de sendeirismo por lugares próximos ao centro.
- Visitas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico, cultural e mesmo económico.
- Revisión e corrección de comunicados, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial
- Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación.
- Editar e difundir a revista, en formato dixital, con traballos en galego dos nosos alumnos/as. Esta revista realízase en formato dixital e está aberta a engadir o que cada equipo de mestres/as crea conveniente.
- Participación noutros concursos literarios (tanto a nivel escrito como orais) organizados polo Concello de Santiago de Compostela e outras institucións, e outros que se consideren de interese e promocionen a lingua galega.
- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego.
- Recuperación de xogos populares.
- Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios nenos, os seus pais ou os avós.
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.
- Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos... e de gramáticas e léxico galego.
- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- Visitas de persoas maiores ao centro para dar a coñecer traballos ou oficios tradicionais.
- Continuar actualizando o blogue do EDLG, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.
- Recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, sortes, ... en lingua galega.

## 10. RECURSOS

### 10.1. RECURSOS HUMANOS

- Todo o profesorado do centro.
- ANPA.

- Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Santiago.
- Concellería de Cultura e Deportes do Concello de Santiago
- Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega.

## 10.2. RECURSOS MATERIAIS

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias...
- Bibliotecas de aula.
- Aula de audiovisuais con televisión, vídeo, retroproyector, proyector de diapositivas... e audioteca.
- Un ordenador, proyector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas de Educación primaria e Educación infantil.
- Aula de informática con ordenadores e con conexión a Internet, canón, encerado dixital...
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Taboleiro de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

## 11. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS

Na nosa contorna galego falante o reto segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia plena na súa lingua materna, non abandonen o seu uso e que acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Así mesmo é fundamental que adquiran tamén unha competencia plena na outra lingua oficial, tanto a nivel oral como escrito. Consideramos ademais que a introdución da segunda lingua (no noso caso, a lingua castelá) debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta sobre todo na Educación Infantil.

### 11.1. EDUCACIÓN INFANTIL.

Segundo se dispón no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, no noso centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará, no momento da matrícula aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a de 4º de Educación Infantil, sobre a lingua materna do seu fillo/a.


No presente curso escolar, no que se redacta o este documento, os datos do alumnado de 4º de Educación infantil son os que seguen:

### **ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO. CURSO 2017/18**

#### **1.- LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

O resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado de Educación Infantil, ofreceu os seguintes resultados:

Dos 35 alumnos/as que se incorporan ao centro, 8 manifestan que a súa lingua materna é o galego e 12 que a súa lingua materna é o castelán, e 15 manifestan que ambas linguas.



AMBAS LINGUAS	43%
GALEGO	23%
CASTELÁN	34%

#### **2.- ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS.**

- Apoio individualizado ao alumnado con dificultades en algunha das linguas.
- Reforzo educativo na lingua na que teña maiores dificultades partindo da lingua oral.
- Traballar o vocabulario básico nas dúas linguas.
- Axudarse de contos, cancións, poesías, xogos de patio, dramatizacións, para fomentar o uso das linguas oficiais.
- Axudarse de material audiovisual (películas, internet, xogos, etc...) que sirva de reforzo visual a adquisición de vocabulario.
- Traballar o específico e diferente nas fonéticas das dúas linguas.
- Partir de experiencias próximas ao alumnado para ampliar o seu vocabulario.

### 3.- INFORMACIÓN E VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA O CURSO ANTERIOR.

As actividades realizadas o curso anterior, así como a súa avaliación correspondente forman parte da memoria de actividades elaborada polo ENDL a finais do curso pasado. De xeito resumido as repetimos neste documento.

#### 1º TRIMESTRE:

- 1.- Continuar coa adecuación de espazos, no recinto escolar, para realizar xogos populares.
- 3.- Convocar, nos primeiros días do mes de outubro, en colaboración coa directiva da ANPA, unha reunión cos/as monitores/as de actividades extraescolares para explicarlles o recollido na planificación lingüística de centro, e os obxectivos que se pretenden acadar así como a importancia da súa implicación e da súa colaboración.
- 4.- Continuar, en colaboración co profesorado de educación musical e cos/as profesores/as titores/as, coa mostra de panxoliñas que se ven celebrando dende hai catro cursos.
- 5.- Convocar unha nova edición do concurso de postais e mensaxes navideñas.
- 6.- Promover a celebración das festas tradicionais galegas: magosto e samaín.
- 7.- Integrarse activamente na coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística da zona de Santiago.

#### 2º TRIMESTRE.

- 1.- Continuar co programa “Cóntame un conto”, en colaboración co equipo da biblioteca, segundo o cal o alumnado de 5º e 6º cursos cóntalle un conto, en galego, ao alumnado de infantil.
- 2.- Gravación de contos dixitais.
- 3.- Continuar co programa “Mamá/papá cóntame un conto”, en colaboración co equipo da biblioteca e cos pais/nais do alumnado.
- 4.- Fomentar, de acordo coas editoriais e outros organismos e institucións, a presenza de contacontos, ilustradores e autores no centro.
- 5.- Promover a celebración das festas tradicionais galegas: Antroido.

#### 3º TRIMESTRE

- 1.- Celebrar unha xornada de xogos populares en colaboración co profesorado de Educación Física e coa Asociación Compostelá do Xogo Tradicional.
- 2.- Celebrar a Semana das Letras Galegas proporcionando material específico ao profesorado para o traballo nas aulas.



3.- Colaborar co equipo TIC no mantemento da páxina web do centro e a inclusión na mesma dos diferentes documentos emanados do EDLG.

4.- Coordinar e editar a revista escolar "O Estoupido".

5.- Participación nas xornadas de teatro intercentros organizadas polo Concello de Santiago e a Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística da zona de Santiago.

**NOTA IMPORTANTE:**

O tipo de desenvolvemento de todas estas actividades está supeditado ao acordo de claustro do 2/9/16 polo que se decide non levar a cabo ningunha celebración que conleve unha preparación extraordinaria fóra do horario lectivo (murais, festivais abertos a pais, acondicionamento de espazos exteriores ou interiores, elaboración de decorados, etc) que requiren un sobre esforzo do profesorado non recoñecido na *Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

## 11.2. EDUCACIÓN PRIMARIA.

Segundo se dispón no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As linguas nas que se impartirán as diferentes áreas reflíctense no cadro adxunto. É importante destacar que segundo as Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: *“O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia”*.

MATERIAS	1º	2º	3º	4º	5	6º
LINGUA GALEGA E LITERATURA	4	4	4	4	4	3
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4	4	4	4	4	3
MATEMÁTICAS	5	5	4	4	5	5
CIENCIAS SOCIAIS	3	2	3	2	2	3
CIENCIAS DA NATUREZA	2	2	2	2	2	2
LINGUA EXTRANXEIRA	2	2	3	3	3	3
EDUCACIÓN ARTÍSTICA	2	2	2	2	2	2
EDUCACIÓN FÍSICA	2	2	2	2	2	2
RELIXIÓN/VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	1	2	1	1	1	1
LIBRE CONFIGURACIÓN				1		1
<b>TOTAL</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>

**GALEGO**

**CASTELÁ**

**INGLÉS**

## 12. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS.

Segundo se dispón no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

## 13. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro eslabón na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este recorrerá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é galego falante destacar que os/as alumnos/as que descoñezan a lingua galega estarán inmersos nun contexto que favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no plano oral.

## 14. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquiera de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

## 15. ANEXOS

- Cuestionario para as familias do alumnado de 4º educación infantil.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.

JOSÉ MIGUÉNS, como director do CEIP Lamas de abade de Santiago de Compostela,

CERTIFICA

Que este Proxecto Lingüístico do Centro recibiu a conformidade do Claustro de mestres/as e a aprobación do Consello Escolar o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2.017.

Santiago de Compostela, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2.017

Vº e Pr.  
O Director

A coordinadora do EDLG

Asdo: D. José Miguéns

Asdo.: Dna. Marta Vázquez Fandiño